

Fundación Secretariado Xitano

Que é 85



A Fundación Secretariado Xitano é unha entidade social, sen ánimo de lucro, que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en todo o Estado español e no ámbito europeo.

A actividade deste colectivo comeza nos anos 60, pero non se constitúe como fundación ata o 2001.

O ámbito de actuación

As accións da Fundación Secretariado Xitano desenvólvense en varios contextos:

Europeo: a través de programas de colaboración en 11 países.

Estatal: con actividades no conxunto do Estado español.

Autonómico: con traballo directo en 14 comunidades autónomas.

Local: con 59 centros de traballo repartidos en 51 concellos.

Colabora, así mesmo, con distintas entidades públicas e privadas, e leva a cabo un traballo en rede con máis de 50 ONG.

Os recursos humanos cos que conta

O equipo estable da entidade fórmalo 574 persoas, das que un 37% son xitanos e xitanas.

A poboación xitana en Galicia

En Galicia viven unhas 9.000 xitanas e xitanos, distribuídos en 150 núcleos e asentados en 50 concellos. As sete grandes cidades albergan o 70% de toda a poboación xitana. Con respecto ao Estado, son unha minoría que non chega ao 2%. En relación á poboación total de Galicia, representan un 0,25%.

Nas últimas décadas, obsérvase unha sensible mellora nas condicións de vida deste colectivo, propiciada polo acceso aos sistemas de protección social, á vivenda pública e aos sistemas de saúde e educación. A pesar diso, unha boa



Os obradoiros tratan de impulsar a motivación e favorecen a adquisición de habilidades básicas



parte da poboación xitana continúa sendo vulnerable e atópase exposta a situacións de exclusión social e económica.

Dende o ano 2001, a Fundación está a desenvolver programas e accións que pretenden fomentar a participación social e a incorporación laboral desta comunidade. Tamén apoia as iniciativas que, dende distintas entidades, teñen como obxectivo a melloría das condicións de vida das persoas.

Algunhas conquistas no ámbito educativo

Dende o ano 1983 ata o 2000, a escolarización no nivel de ensino primario evolucionou do 65% ao 94%. No tramo de secundaria pasou de ser case inexistente, a un 40%. Por outra banda, a presenza de alumnado xitano na educación infantil era totalmente testemuñal na década dos oitenta, mentres que na actualidade acadou un 63% de escolarización. O importante incremento de poboación escolar nesta

etapa educativa, na que o alumnado adquire as habilidades máis importantes para a adquisición de destrezas e actitudes, fai pensar que se está a producir un cambio importante que se consolidará nos próximos anos.

Con respecto aos estudos superiores, existe un grupo minoritario, aínda que en ascenso, de mozas e mozos que acceden a este terceiro nivel de ensino. O “Programa de Apoyo para el Acceso y la Continuidad en los Estudios medios y superiores de jóvenes estudiantes gitanos”, calcula que en España unhas 250 persoas xitanas cursan actualmente estudos na universidade. En Galicia hai arestora dúas estudantes na universidade, e outras dúas que xa acadaron un título.

Pero, a pesar dos avances logrados, aínda se observan certas dificultades para a incorporación plena ao sistema de educación. A asistencia segue a ser irregular, aos alumnos e alumnas cústalles traballo seguir determinadas

rutinas e ritmos, non levan o material escolar necesario, e as relacións da familia coa escola son escasas ou deficitarias. Existen tamén problemas de absentismo e abandono. Moitos deixan a escola con catorce ou quince anos; no caso das mozas, mesmo a idades máis temperás.

Intervención no ámbito educativo

Na actualidade estanse a desenvolver diversas accións. Sirva de mostra o Programa de Normalización Educativa “Saló” (“Todo” en caló), en colaboración co Concello do Porriño.

O dito programa ten un enfoque integral, aínda que as súas accións abranguen catro ámbitos diferenciados:

Familias

Realízanse visitas domiciliarias e fanse reunións no centro educativo para mellorar a actitude das nais e dos pais cara ao ensino regrado, para fomentar a



participación dos nenos e das nenas no proceso educativo, para previr o absentismo escolar e valorar a importancia da aprendizaxe.

Trátase de que poidan decatarse das posibilidades que se lles abren, co aproveitamento educativo dos seus fillos.

Alumnado

Lévanse a cabo obradoiros lúdico-formativos destinados a impulsar a motivación e favorecer a adquisición de habilidades básicas. Apóiase o profesor-titor nas tarefas de asesoramento sobre itinerarios educativos, desenvolvemento das capacidades básicas –atención, abstracción, relación, expresión, creatividade, etc.–, así como no desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, encamiñadas á maduración e á construción da autoestima.

Centros educativos

Tamén se presta asesoramento ao centro educativo para elaborar plans de mellora dos seus proxectos de centro, e nos

diferentes niveis de concreción. Lévese a cabo formación do profesorado en temas, como a historia e a cultura xitanas, esquemas previos de coñecemento, metodoloxías axeitadas, etc.

Búscase, así mesmo, propiciar un achegamento entre o centro educativo e as familias para favorecer o entendemento e o enriquecemento mutuos.

Axentes sociais

Existen comisións de seguimento da escolaridade destes alumnos e alumnas, que teñen como fin último, velar pola boa marcha de todo o proceso educativo, e reconducir situacións de absentismo e abandono escolar.

Nestas comisións están representadas as estruturas educativas e sociais: centros educativos, Consellería de Educación, servizos sociais de atención primaria, Servizo de Menores, entidades de iniciativa social e Fundación Secretariado Xitano.

Datos de identificación

Responsable territorial en Galicia

Santiago González
direcciongal@gitanos.org

Vigo (Sede territorial)

C/ Burgos, 9 baixo
36205 Vigo
Tlf: 986 26 02 55
Fax: 986 26 05 64

Lugo

Ronda do Carme, 50 entreplanta C
27004 Lugo
Tlf.: 982 26 54 22
Fax: 982 26 54 23
Email: fsglugo@gitanos.org

Pontevedra

C/ Sor Lucía, 2 planta baixa
36002 Pontevedra
Tlf.: 986 84 09 11
Fax: 986 84 07 46
Email: fsgpontevedra@gitanos.org

Santiago de Compostela

Rúa Fontiñas, 29 local
15701 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 55 41 90
Fax: 981 55 41 91
Email: fsgsantiago@gitanos.org

Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs

Título
Educación para la ciudadanía: los valores del ocio y el tiempo libre

Autoras
M.ª Jesús Buitrago Rubira, Carmen Pereira Domínguez

Editorial
Aljibe

Año de edición
2007

Páginas
273



Contido
Este libro xorde pola necesidade de darlle un novo sentido ao tempo libre, e ante a demanda social dun ocio distinto e de calidade. Ao longo de 24 capítulos, as autoras definen o ocio e a súa relación coa transversalidade, a solidariedade e o consumo. Vincúlano, así mesmo, ao xogo, ás festas, afeccións, lecturas, medios audiovisuais, internet, deportes, natureza, gastronomía, turismo, música, baile, fogar e “actividades sinxelas”. O manual inclúe páxinas web de interese, bibliografía recomendada e un anexo co desenvolvemento dun cineforum. En resumo, trátase dunha guía para nais e pais, educadores e profesores; útil tamén para educadores sociais e animadores socio-culturais, traballadores de ludoteca, ou encargados de clubs, centros e asociacións xuvenís. O tempo de lecer enténdese aquí como un espazo para a educación no que se poden formar cidadáns conscientes e responsables.



Título
Una educación para mañana

Autor
Jaume Carbonell Sebarroja

Editorial
Octaedro

Año de edición
2008

Páginas
123

Contido
Os cambios nos distintos ámbitos sociais avanzan veloces e imprevisibles, pero parecen non atopar eco na escola. Aquí, a renovación xeral resístese, a pesar de que se albiscan ideas, proxectos e experiencias que deixan ver a necesidade dunha mudanza. *Una educación para mañana* salienta algúns obstáculos e posibilidades desta renovación, na escola e no conxunto da educación. Tres son as cuestións presentes na obra: a importancia da relación educativa entre os distintos actores para forxar unha cidadanía libre e democrática; o tipo de coñecemento que hai que ensinarlle hoxe ao alumnado para que a aprendizaxe sexa máis sólida e lle permita desenvolver as súas capacidades, atendendo a particularidades e diversidade; e a concepción da escola, entendida como un proxecto que se constrúe en e para a comunidade. Un desafío que apela á responsabilidade conxunta de todos os axentes sociais.

Título
La secuencia formativa. Fases de desarrollo y de síntesis.


Autores
Mercè Beltran, Assumpta Casacuberta, Núria Giné, Ascensi Laglera, Mª del Pilar Menoyo, Artur Parcerisa, Eulàlia París, Dolors Quinquer, Cristina Roca, Anna Mª Soler, Montse Travé

Colección
Claves para la Innovación Educativa, 38

Editorial
Graó Coedición Laboratorio Educativo

Año de edición
2006

Páginas
106



Contido
É importante que cando planifiquemos un tema ou unha unidade didáctica pensemos en termos de secuencia formativa, porque nos proporcionará unha perspectiva global do proceso educativo e nos facilitará a tarefa. Termos presente de antemán que actividades imos deseñar ou elixir para abordar os distintos contidos, dende actividades para detectar coñecementos previos ata actividades de avaliación, redundará en proveito do noso alumnado. Neste libro recolleemos as reflexións e as prácticas de docentes que formularon o modo de levar a cabo a ensinanza a través dos postulados da secuencia formativa, e que a través da regulación e a autorregulación puideron constatar unha mellora substancial nas aprendizaxes realizadas polos seus alumnos e alumnas.



Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs



Título

La escuela infantil: observatorio privilegiado de las desigualdades

Autores

F. López Sánchez, J. Bernal, B. Bueno, J. Buz, R. Canal, M.^a J. Cantero, M.^a J. Fuentes, P. García Primo, V. Guijo, Z. Guisuraga, M.^a V. Martín Cilleros, M.^a Á. Melero, A. B. Navarro, J. Palacios, J. de Paúl, A. Pérez Albéniz, M. D. Pérez Grande, M. Sánchez Rodríguez, I. Serrano

Colección

Biblioteca de Infantil, 17

Editorial

Graó

Año de edición

2007

Páginas

206

Contido

A escola infantil converteuse nun observatorio privilexiado para analizar a evolución da sociedade occidental. O profesorado de educación infantil móvese, ás veces, nun terreo de incertezas que o obriga a superar ideas estereotipadas para buscarlles sentido a situacións familiares pouco habituais, e a adecuar a súa dinámica pedagóxica cotiá. Este libro é unha ferramenta que incentiva a reflexión e a busca de recursos, e aborda algunhas situacións que se manifestan na escola.

A obra inclúe propostas que serven de canle a distintas situacións e que axudan a definir cal pode ser a intervención educativa máis axeitada.

Título

Educación para la ciudadanía. Algo más que una asignatura

Autor

Antonio Bolívar

Colección

Crítica y fundamentos, 16

Editorial


Graó

Año de edición

2007

Páginas

216



Contido

O autor deste libro defende a corresponsabilidade dos distintos axentes educativos para que a escola, as familias e os servizos sociais e municipais compartan un mesmo camiño. Considera, así mesmo, que a educación para a cidadanía comprende, paralelamente, a educación democrática dos cidadáns, un conxunto de saberes e competencias, e un «currículo básico» que inclúe tamén os comportamentos e as actitudes propios dunha cidadanía educada, activa e responsable.

O volume inclúe un marco teórico que fundamenta a educación para a cidadanía, con propostas innovadoras sobre a súa articulación na escola e na comunidade, unha segunda parte coas tres dimensións do currículo: as competencias básicas, a organización da educación para a cidadanía e, unha análise do currículo español desta materia. A regulamentación e as propostas oficiais incorpóranse nos anexos.



Título

Cine y educación. El cine en el aula de primaria y secundaria

Autores

Alba Ambrós, Ramón Breu

Colección

Graó, 236

Editorial

Graó

Año de edición

2007

Páginas

234

Contido

Máis dun século de cinema agasalhou-nos cun patrimonio comunicativo, histórico, artístico e vital de proporcións inimaxinables. Os autores deste volume cren que é o mundo educativo o que debe facerse cargo da xestión social desta vasta e constante produción artística que é o cinema --comercial e non comercial-- e cuxas vantaxes educativas resultan difíciles de imaxinar. Nesta liña, apostan por unha educación en cinema como ferramenta de exemplificación; como forma para saber ler a cultura audiovisual; como lapis prodixioso para saber escribir imaxes; como vía para a reflexión sobre as ideas, sobre as relacións sociais, sobre os sentimentos, sobre un mesmo... Fotograma a fotograma, *Cine y educación* segue un guión didáctico, ameno e fascinante para introducir o cinema nas aulas de primaria e de secundaria, co fin de proxeccionar a análise e a comprensión da súa linguaxe, da súa historia e da súa maxia.

Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs Libros Películas Webs



Título
El desafío del bilingüismo

Colección
Pedagogía. Educación infantil y primaria

Ano de edición
2007

Autores
B. Abdelilah, Bauer

Editorial
Morata

Páxinas
130

Contido

Axudarles aos nenos e ás nenas a construír unha identidade a partir de dous idiomas e de dúas culturas é un dos retos aos que se enfrontan as familias nas novas sociedades da información e da comunicación.

Educación de persoas bilingües non depende dun mesmo, senón que supón un esforzo sostido de varios anos por parte da familia, así como a implicación das institucións escolares. A autora deste libro trata de responder ás seguintes cuestións: Como se constitúe o bilingüismo na institución escolar e no fogar? É igual aprender unha segunda lingua dende que nacemos, que facelo a unha idade máis avanzada? Cal é a mellor maneira de ensinar dúas linguas á vez? Que efecto ten no desenvolvemento escolar e intelectual do alumnado? Cantas linguas se poden aprender? Como se pode axudar a cada estudante a sentirse ben cunha identidade a partir de dous idiomas e de dúas culturas?



Título
Escuelas para la esperanza

Colección
Pedagogía. Educación infantil y primaria

Ano de edición
2007

Autor
T. Wrigley

Editorial
Morata

Páxinas
197

Contido

O desexo de mellorar as institucións escolares debe incluír no concepto de rendemento a formación de estudantes socialmente responsables, creativos e entusiastas. Os centros teñen que se comprometer con cuestións de cidadanía democrática, pensamento crítico, creatividade e comunidade. A xuventude medra nun mundo conflitivo e globalizado no que os cambios se producen cunha grande rapidez. Necesitan centros comprometidos coa xustiza social, nos que se sintan benvidos e asuman a esperanza dun futuro mellor, nos que as interaccións democráticas sexan a norma. O libro é unha crítica rigorosa ao movemento da eficacia e da excelencia escolar. Baseándose en investigacións sobre currículo, aprendizaxe, intelixencia, vida en comunidade, equidade e inclusión, ofrece novas perspectivas e propostas para o desenvolvemento de institucións escolares democráticas e esperanzadoras.



Título
Cómo mejorar tu centro escolar dando la voz al alumnado

Colección
Pedagogía. Educación infantil y primaria

Ano de edición
2007

Autores
J. Rudduck, J. Flutter

Editorial
Morata

Páxinas
169

Contido

Neste volume as voces estudiantís non falan de desigualdade, nin de desvantaxes, nin de barreiras sociais, pero estes temas están detrás da frustración, o escepticismo e a desesperanza dalgúns comentarios daqueles que abandonan as aulas sen alcanzar o éxito escolar.

Nun sentido máis positivo, estas voces tamén mostran visións moi ricas sobre as prácticas docentes eficaces e a mellor forma de aprender.

Escoitar o alumnado significa cambiar o modo de actuar de docentes e estudantes; implantar relacións máis democráticas e de colaboración; achar formas de involucrar o alumnado de xeito máis activo nas decisións que afectan á súa vida nos colexios e institutos. Algo que concorda plenamente cos actuais modelos de aprendizaxe construtivista e co compromiso cunha educación de cidadás e cidadáns activos, reflexivos e críticos.



Lecturas para gozar Lecturas para gozar Lecturas para gozar Lecturas para gozar Lecturas para gozar Lecturas para gozar

La Materia Oscura

Trátase de tres libros escritos por Philip Pullman, un prolífico autor, que acadou o seu maior recoñecemento con esta publicación. Os títulos da triloxía son:



Luces del norte (1997)

Premios:

- *Carnegie Medal*
- *Guardian Prize for Fiction*
- *Publisher's Weekly Best Book of the Year*
- *Booklist Editors' Choice*

Lyra só ten once anos, pero xa está marcada polo destino. Os nenos de Oxford están desaparecendo, e fálase de que o mesmo pasa noutros lugares. Provista do aletiómetro, un obxecto propio e único no mundo, que permite adiviñar o que ninguén sabe, Lyra parte cara ao polo Norte cun propósito: salvar os rapaces e investigar que se agocha detrás das desaparicións. Pero descubrirá que o mundo no que vive é máis complexo do que pensaba, e para cumprir co seu destino deberá reunir moito valor. Grazas aos seus amigos, Lyra poderá encarar os perigos que a axegan...



La daga (1998)

Premios:

- *Parent's Choice Gold Book Award*
- *ALA Best Book for Young Adults*
- *Publisher's Weekly Best Book of the Year*

Will é un rapaz duns doce anos que se ve obrigado a cometer un asasinato para protexer a súa nai. A partir de aquí, só coa súa afouteza e unha madurez impropia dun mozo da súa idade, debe emprender unha longa odisea en busca do seu pai, explorador desaparecido nunha expedición. Talvez el sexa a única persoa capaz de axudalo. Durante o camiño que o levará por mundos moi diferentes ao seu, atopará a Lyra, a protagonista de *Luces del norte*. Tamén ela ten unha razón para deixar todo. Ata que non logren cumprir os seus propósitos, ningún dos dous deixará de loitar. Pero o mundo no que se achan, Cittàgaze, é misterioso e inquietante, poboado de espectros devoradores, onde os agarda un dos segredos mellor gardados, un obxecto polo que moitos matarían...



El catalejo lacado (2001)

Premios:

- *Whitbread Book of the Year Award* (a primeira vez na historia que un libro para mozos recibe este premio)

Lyra e Will deben encontrarse co seu destino, pero nada é como parece. Moitos misterios xa se mostraron durante as súas aventuras en *Luces del norte* e *La daga*: a misteriosa relación entre os nenos e Po, a orixe dos daimonions, os buratos dunha dimensión a outra... Pasiño a pasiño, os dous amigos conseguiron desentrañar moitas desas incógnitas. Pero agora teñen que comprender por que son eles os escollidos. Mercé á axuda dos seus compañeiros de sempre, como lorek Byrson e as bruxas, e á aparición de novos personaxes decisivos, como os galivespianos, Will e Lyra poderán chegar ao país dos mortos e pescudar o sentido de todo o que viviron. Non obstante, os sacrificios que deberán facer serán dolorosos...

A grande popularidade de *La Materia Oscura* inspirou a película *La Brújula Dorada*, estreada o pasado mes de decembro. Unha posta en escena a medio camiño entre *El señor de los anillos* e *Harry Potter*, producida por New Line Cinema e Scholastic Media.

Os libros van dirixidos a rapaces e rapazas a partir de 12 anos.

